TRABALLO VOLUNTARIO ESCRITO

LISTA DE CANCIÓNS CON TEMAS INTIMISTAS EN GALEGO

· En grupos de 3 ou 4 persoas, en parellas ou de xeito individual.

· Facer unha lista de cancións en galego con temas intimistas:

- Anotade os títulos de varias cancións que vos gusten e que traten algún tema intimista (amor, desamor, ledicia de vivir, dúbidas, desexos…). Se non coñecedes música en galego, quédanvos aquí varias listas de reprodución de Spotify con música na nosa lingua.
    - Música ska, punk, Oi!, metal, hardcore, punk-rock, reggae…
    - Música rap e trap.
    - Música folk e tradicional.
    - Música de mulleres.
    - Música para o verán.
    - Música variada.
    - Música infantil.
    - Panxoliñas de Nadal.
- Listade todos os títulos que escollestes indicando a carón do tema un trazo destacable e unha ligazón ao audio.
- Finalmente, cada membro do grupo analizará os trazos principais dunha delas, isto é, unha análise dunha canción por persoa. Podedes tratar os seguintes aspectos: a presenza da voz lírica, cal é o tema principal e algún recurso que destaque.

· Estrutura do traballo:

- Portada (título, participantes e curso).
- Índice de contidos.
- Introdución (de que trata o traballo e resumo do proceso de creación).
- Corpo do traballo dividido nas partes correspondentes (lista de reprodución cos enlaces e análise dun tema por persoa).
- Conclusións (resumo e dificultade do proceso de recompilación e análise).

Este traballo valerá 0,25 puntos dos 0,5 designados a traballos voluntarios.

A copia literal ou plaxio (tanto de textos sacados de Internet ou doutras fontes como de IA) suporá a cualificación da tarefa cun cero.

TRABALLO VOLUNTARIO ORAL

GRAVACIÓN DA LECTURA DO PREGÓN DO NADAL

· Individual ou en parellas.

· Escribir e ler ou declamar o pregón das festas nunha gravación en audio.

· Contido:

- As actividades que vai haber (iluminación, decoración, funcións de teatro, panxoliñas…).
- O calendario e o lugar das celebracións.
- Os vosos desexos para estas festas e para o novo ano que comeza.

· Proceso de escrita:

- Estrutura
    - Saúdo ao público a quen se dirixe.
    - Desenvolvemento do contido.
    - Agradecementos e vivas.
    - Declaración oficial do inicio das festas.
- Redacción
    - En prosa ou en verso, ou unha mestura de ambas.
    - Sintaxe sinxela (frases curtas)
    - Dirixídevos á audiencia en 2.ª persoa.
    - Incluíde bromas e anécdotas divertidas. Asegurádevos de usar un humor respectuoso.
    - Limitádevos a un máximo de dúas páxinas (1-2 min. de pregón).
- Gravación en audio
    - Se o facedes en parellas, dividide o texto para lelo ou declamalo de forma alterna.
    - Ensaiade e corrixide o que cumpra antes de gravar.
    - Podedes incluír
        - Música para acompañar.
        - Personaxes típicos do Nadal e imitar as súas voces.
        - Calquera elemento humorístico e respectuoso que se vos ocorra.

Este traballo valerá 0,25 puntos dos 0,5 designados a traballos voluntarios.

A copia literal ou plaxio (tanto de textos sacados de Internet ou doutras fontes como de IA) suporá a cualificación da tarefa cun cero.